

*Resolución do 18 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2009.*

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdada-

se darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Secretaría Xeral da Igualdade, no segundo cuadrimestre do ano 2009, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2009.

Marta González Vázquez  
Secretaria xeral da Igualdade

### ANEXO

Título	Obxecto	Sinatura	Cantidade
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello da Coruña para o mantemento do centro para a atención a mulleres vítimas de violencia, dependente do concello.	O financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero; pódense imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.	28-8-2009	43.870,60
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Ferrol para o mantemento do centro para a atención a mulleres vítimas de violencia, dependente do concello.	O financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero; pódense imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.	28-8-2009	43.870,60
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Culleredo para o mantemento do centro para a atención a mulleres vítimas de violencia, dependente do concello.	O financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero; pódense imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.	28-8-2009	43.870,60
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Lugo para o mantemento do centro para a atención a mulleres vítimas de violencia, dependente do concello.	O financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero; pódense imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.	28-8-2009	43.870,60
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Ourense para o mantemento do centro para a atención a mulleres vítimas de violencia, dependente do concello.	O financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero; pódense imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.	28-8-2009	43.870,60

*Resolución do 28 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009, e se procede á súa convocatoria.*

O día 25 de marzo de 2009 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 58 a Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009, e se procede á súa convocatoria.

O artigo 9 da antedita orde no seu punto primeiro establece que «o prazo máximo e improrrogable para a presentación da xustificación e a petición de aboamento da axuda será o 15 de outubro de 2009».

Por causas sobrevidas, esencialmente debidas a reorganizacións administrativas internas e á atención ao desenvolvemento de múltiples actuacións en materia deportiva neste ano 2009, produciuse un significativo atraso na resolución dos expedientes de subvencións, de modo que o prazo establecido para a xustificación da realización das accións subvencionadas resulta de difícil cumprimento polos beneficiarios. Con base no exposto, considérase necesario para facer viable o proceso de xestión e garantir a maior eficacia posible da convocatoria de subvencións, e dado que non se causa prexuízo a terceiros, en aplicación do artigo 45 do Regulamento da Lei

galega de subvencións (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), proceder á ampliación do devandito prazo.

O obxecto da convocatoria de subvencións é o desenvolvemento de actividades deportivas nos concellos de menos de 10.000 habitantes de Galicia. Tendo en conta que a convocatoria considera subvencionables actividades realizadas ata o 15 de outubro de 2009, propónse un prazo maior para a súa xustificación, que se prolongaría ata o 1 de novembro, facilitando así a xestión económica e administrativa correspondente.

A modificación que se propón non afecta a Orde do 13 de marzo de 2009 no que se refire ao seu contido económico.

O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, crea a Secretaría Xeral para o Deporte, a cal asume as competencias da antiga Dirección Xeral para o Deporte e, pola súa banda, a disposición adicional segunda do citado decreto establece que quedan desconcentradas nos secretarios xerais dependentes de Presidencia, entre outras, a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia, o que lle outorga ao actual secretario xeral para o Deporte a competencia para ditar esta resolución modificando a Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria.

En virtude do exposto e vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

## Artigo 1º

Modifícase o artigo 9.1º da Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009, e se procede á súa convocatoria, quedando co seguinte teor literal:

«Os beneficiarios das axudas deberán solicitar o aboamento da axuda concedida no momento en que se teña realizado o proxecto presentado e unha vez xustificada a súa realización. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da citada xustificación e a petición de aboamento da axuda será o 1 de novembro de 2009».

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2009.

José Ramón Lete Lasa  
Secretario xeral para o Deporte

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 29 de setembro de 2009, de modificación do artigo 17 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 17 de febreiro de 2009), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201G).*

Pola Orde do 31 de decembro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 17.1º da devandita orde establécese que as subvencións concedidas se farán efectivas unha vez que o beneficiario presente a documentación acreditativa do investimento obxecto da subvención, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2009, inclusive.

Tendo en conta o atraso producido na resolución da devandita axuda, motivado polo volume de solicitudes presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o devandito precepto.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do

22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

### DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 17 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (código de procedemento IN201G).

O primeiro parágrafo do número 1º do artigo 17 do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para cobrar a subvención, o beneficiario presentará no respectivo departamento territorial ou nos servizos centrais da Consellería de Economía e Industria, ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 5 de decembro de 2009, inclusive. (...)»

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.*

Advertidos erros na antedita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 192, do mércores 30 de